



Expediente nº: 870/2024

Procedemento: Contratacións

Asunto: Contrato de servizos de limpeza de edificios municipais

## MEMORIA

En virtude do disposto no artigo 116.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), redáctase a presente **MEMORIA XUSTIFICATIVA** do contrato de servizos relacionado no encabezado do presente documento.

### 1. OBXECTO DO CONTRATO. NECESIDADE E XUSTIFICACIÓN. CALIFICACION.

O obxecto do contrato consiste na **limpeza en diversos inmobles propiedade do Concello ou que se encontran baixo a súa responsabilidade de xestión: o CEIP San Xoán, o Centro de Servizos Sociais, a Casa Consistorial, o Centro de Saúde e a Biblioteca-Telecentro.**

O artigo 25.2 da LBRL, modificado pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, dispón que o Municipio exercerá, en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: protección da salubridade pública; promoción do deporte e instalación deportivas e de ocupación do tempo libre; promoción da cultura e equipamentos culturais; conservación e mantemento dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

O exercicio de tales competencias leva aparelado, entre outras obrigas, a prestación do servizo de limpeza por parte desta Administración municipal nos centros e dependencias enunciados.

Así pois, **a necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción co presente contrato, inflúe, se ben indirectamente, dun xeito moi relevante na consecución dos fins intencionais que persigue como Concello**, quedando polo tanto motivada a necesidade do mesmo nos termos previstos no artigo 28 da LCSP.

A razón que xustifica a contratación deriva das seguintes consideracións: O Concello de Becerreá ata o de agora ven de sufragar a limpeza do CEIP San Xoán de Becerreá mediante un contrato de servizos finalizado. Independentemente de que son varias as dúbidas sobre a obriga do Concello de asumir en concreto a limpeza dos centros, pois parece que as obrigas legais se limitan á súa conservación e mantemento (obras menores con finalidade exclusivamente conservativa) é de interese da corporación facer as xestións que sexan precisas para que os veciños e veciñas do Concello reciban un servizo tan importante no contexto do Estado Social consagrado na Constitución Española como o educativo, en niveis óptimos de calidade ao que hai que engadir a importancia que no contexto que vivimos ten a limpeza dos edificios de uso público en xeral.

En último termo a prestación deste servizo obedece á necesidade de satisfacer as demandas dos propios veciños facendo atractivo o residir no medio rural, diminuíndo no posible as diferenzas existentes cos entornos poboacionais urbanos.

En atención ás necesidades descritas, o contrato pretendido ten a calificación de **CONTRATO ADMINISTRATIVO DE SERVIZOS**. Segundo o artigo 17 da LCSP, considéranse contratos de servizos aqueles que teñan por obxecto os servizos consistentes no desenvolvemento dunha actividade ou destinados a obter un resultado distinto dunha obra ou subministración, incluídos aqueles nos que o adxudicatario estea obrigado a executar o servizo sucesivamente e por prezo unitario. Non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen o exercicio da potestade inherente aos poderes públicos.

### 2. INSUFICIENCIA DE MEDIOS. IDONEIDADE.





O contrato que se propón xustifícase ante a insuficiencia ou a falta de adecuación de medios propios con que conta o Concello de Becerreá para cubrir con satisfacción as necesidades obxecto do mesmo.

Proba do anterior é a relación de postos de traballo do Concello, da cal pode deducirse que a Administración non conta cos postos necesarios para executar a prestación definida.

Por outra banda, é este o medio habitualmente utilizado no mercado para cubrir este tipo de necesidades e o máis completo e eficaz para facer fronte ás necesarias actividades de limpeza que se describen no prego de prescricións técnicas.

### 3. NATUREZA DO CONTRATO E PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

A adxudicación realizarase a través do sistema de **PROCEDEMENTO ABERTO**, segundo o previsto nos artigos 131 e 156 a 159 da LCSP.

Segundo o establecido no artigo 22.1 da LCSP e as súas posteriores actualizacións, en concreto a Orde HFP/1352/2023, de 15 de decembro, pola que se publican os límites dos distintos tipos de contratos a efectos da contratación do sector público a partir do 1 de xaneiro de 2024: Están suxeitos a regulación harmonizada os contratos de servizos cuxo valor estimado sexa igual ou superior a 221.000 €.

Polo tanto, este contrato **NON está suxeito a regulación harmonizada**.

O código CPV do contrato, de acordo ao vocabulario común de contratos públicos aprobado polo Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002 é o seguinte:

- **90910000-9 Servizos de limpeza.**
- **90920000-2 Servizos de hixienización de instalacións**

<http://www.cpv.enem.pl/es/90511400-6#>

En resumo, trátase dun procedemento ABERTO e tramitación ORDINARIA non suxeito a regulación harmonizada.

**Non se atopa englobado no Anexo IV de contratos de servizos da LCSP**

Non admítense variantes

**Non conleva prestacións directas á cidadanía**

**Non require consultas previas ao mercado.**

### 4. XUSTIFICACIÓN DA NON DIVISIÓN EN LOTES.

En aplicación do artigo 99.3 da LCSP **non existirá a división por lotes**, configurándose o obxecto do contrato como único e integral, xustificándose no feito de que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo. Os servizos para realizar teñen para o Concello unha conexión material patente, que non se limita a ser meramente subxectiva e cuxo alcance e dimensións afasta de toda lóxica a división en lotes do servizo. Tal división implicaría para o persoal de dirección unha falta de capacidade de organización do servizo. A división implicaría a necesidade de contratar unha figura intermedia para a coordinación entre empresas que incrementaría o custo do servizo.





A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultaría a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico e organizativo. O obxecto do contrato é único e o licitador/a deberá presentar a súa oferta referida á totalidade dos servizos.

Resulta loxicamente entendible que os servizos descritos tanto no apartado 1 OBXECTO como nos distintos apartados deste documento e do PPT (en todas as manifestacións, categorías e niveis descritos) desde unha perspectiva integral dos mesmos, manteñen unha coherencia co deseño curricular das distintas titulacións ou formación que habilitan para exercer as diferentes actividades que o prego técnico recollerá, o que favorece a correcta execución do servizo desde un punto de vista técnico.

A administración de recursos e a coherencia na toma de decisións que require a prestación do servizo son elementos a ter en conta para un eficaz desenvolvemento do contrato. Así mesmo o compoñente de unidade tamén se basea na aplicación de mesmos métodos, protocolos e sistemas que elevan o nivel de eficiencia do servizo.

De igual modo, a prestación dos diferentes servizos do contrato execútase por medio de traballadores que realizan o seu horario de traballo nas diferentes actividades e centros contidas no obxecto do contrato, polo que a posibilidade de adxudicación dos servizos a diferentes operadores económicos comportaría unha división e un menoscabo nas condicións laborais dos/ as traballadores/ as do servizo; o que complicaría excesivamente a distribución e organización do traballo entre as diversas entidades adxudicatarias á hora de distribuír o mesmo nun único ou varios centros e ao mesmo tempo.

É obxectivo do órgano de contratación garantir o bo funcionamento do servizo, e considera que a posibilidade da división por lotes implica, para o persoal de coordinación unha falta de capacidade de organización do servizo ao non poder esta figura exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito ao servizo, debido a que a súa autoridade só estaría limitada ao persoal contratado polo seu mesma adxudicataria. A división implicaría a necesidade de contratar unha figura intermedia para a coordinación entre as empresas polo que supoñería ademais de todo o exposto, un incremento na partida orzamentaria da Administración destinada a este contrato.

A non división do contrato por lotes contribúe por economía de escala, dimensión crítica e optimización de recursos (tendo en conta que sería un único interlocutor co que resolver as diferentes situacións que se poidan presentar na execución normal do servizo), a unha mellora na distribución e asignación técnico-económica do servizo.

Queda xustificado por tanto que este órgano de contratación aprecia que a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultarán a correcta execución do mesmo desde un punto de vista técnico, organizativo e económico, ademais da xa citada dimensión dos recursos empregados. Todo iso ao amparo do seguinte:

O órgano de contratación debe ponderar o principio de eficiencia que supón un resultado ao menor custo posible e que suxire a utilización de técnicas de racionalización da contratación pública e a agregación da demanda para obter economías de escala (acordos marco, sistemas dinámicos de contratación ou centrais de compras), co principio de concorrència que se atopa intimamente relacionado co publicidade e permite garantir a libre competencia, permitindo a valoración do maior número de ofertas posibles.

Tal como resolve o TACRC en resolución nº 218/2016, sobre fraccionamento do contrato mediante división en lotes "é o resultado da ponderación conxunta duns e outros principios eficacia e eficiencia na contratación pública e máis concretamente, os aspectos (...) dunha parte de liberdade de acceso ás licitacións, non discriminación e salvagarda da competencia, doutra parte, o que debe erixirse en pauta para determinar a procedencia ou non de fraccionar o obxecto do contrato mediante a súa división por lotes".

En resumo, en consideración ás prestacións do contrato, **NON se realizará a división en lotes** xa que resulta evidente que os servizos que se van realizar teñen para o Concello de Becerreá unha conexión material patente, que non se limita a ser meramente subxectiva e cuxo alcance e dimensións afastan de toda lóxica a división en lotes do servizo. E considérase, ademais, que a posibilidade da división por lotes





implica, para o persoal de coordinación unha falta de capacidade de organización do servizo ao non poder, esta figura, exercer as funcións que se lle atribúen de mando e orde sobre o persoal adscrito ao servizo, debido a que a súa autoridade só estaría limitada ao persoal contratado polo seu mesma adxudicataria.

## 5. ANÁLISE ECONÓMICA DO CONTRATO.

### 5.1. FUNDAMENTOS.

Para a determinación do prezo do contrato analizaranse as diferentes variables que resultan da execución normal deste tipo de actividade, englobadas todas elas en conceptos de ingresos e gastos.

Ao tratarse dun servizo cun desenvolvemento histórico con suficientes antecedentes, dispónse de histórico de ingresos (prezos de adxudicación e número de horas) e gastos, empregáronse parámetros de previsión de demanda lóxicos e comunmente aceptados no sector da limpeza de edificios e instalacións destas características. Examináronse os investimentos necesarios destinados á mellora de diferentes aspectos relacionados co material para utilizar e ás necesidades propias do inicio de actividade.

Determinábase unha duración de dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas de “un” ano cada unha, baixo modelo de contrato de servizos. A opción desta modalidade contractual vén derivada de tres cuestións claves que claramente encadran esta licitación dentro da tipoloxía elixida.

A primeira destas claves consiste en que será o Concello de Becerreá quen asuma a dotación orzamentaria adecuada e, en base a ela, remunera por unha cantidade ao adxudicatario directamente relacionada co servizo prestado. Por tanto, o “risco operacional” en ningún caso recaerá sobre o adxudicatario.

A segunda cuestión consiste en que o prezo máximo do contrato virá dado pola análise dos custos, contemplando o lóxico beneficio industrial para o adxudicatario, acumulado durante os anos de duración do contrato máis as posibles prórrogas. Por tanto, o adxudicatario poderá estimar os ingresos durante a duración máxima do contrato e en base a iso realizar a súa oferta económica.

E, por último, como terceira cuestión determinante da natureza do contrato, atopámonos con que non se requiren investimentos relevantes que obriguen a un período de amortización amplo como mecanismo de recuperación do devandito investimento por parte do adxudicatario. Por tanto a rendibilidade financeira e a recuperabilidade do investimento non se considera relevante para o adxudicatario, mentres si se considera relevante o BDI (beneficio despois de impostos), derivado do beneficio industrial antes de impostos (BAI) estimado.

Os aspectos normativos tidos en conta foron, entre outros, os seguintes:

- RDL 177/2004 do Imposto de Sociedades.
- Normativa de Seguridade Social, tipos de cotización do ano en curso.
- Convenio Colectivo de aplicación, CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DE LUGO vixente a data de emisión da presente memoria.
- Normativa en PRL
- Lei Orgánica 3/2018 do 5 de decembro de protección de datos de carácter persoal.

### 5.2. CUSTO TOTAL ANUAL.

Nas seguintes táboas determínase o custo total do servizo e a súa distribución.

Reparto dos custos anuais por conceptos:





Personal	39.445,11	90,97%
Consumibles	2.077,24	4,79%
Productos de limpieza	778,67	1,80%
Otros costes	1.058,90	2,44%
<b>TOTAL</b>	<b>43.359,93</b>	<b>100,00%</b>

Os custos totais de explotación do contrato polos diferentes conceptos ascenderían a: 43.359,93 €/ano.

### 5.3. DETERMINACION DO CUSTO PARA O CONCELLO.

Considerando a natureza deste contrato, non haberá revisión de prezos, polo que o Concello abonará ao adxudicatario a mesma contía máxima anual derivada da súa proposta económica durante os dous anos de contrato e a posible prórroga

O custo anual do contrato para o Concello obtense dos cálculos anuais acumulados por todos os conceptos, aplicándose a este custo medio o 4% de gastos xerais e ao resultado disto, o 6% de beneficio industrial.

Esta situación reflíctese no seguinte cadro:

	<b>ANO 1</b>
<b>CUSTOS DE PERSOAL</b>	39.445,11
<b>CONSUMIBLES</b>	2.077,24
<b>PRODUTOS DE LIMPIEZA</b>	778,67
<b>OUTROS CUSTOS</b>	1.058,90
<b>TOTAL CUSTOS DE EXPLOTACIÓN</b>	43.359,93
<b>4% GASTOS X.</b>	1.734,40
<b>SUMA CUSTOS</b>	45.094,32
<b>6% B.I.</b>	2.705,66
<b>PREZO CONTRATO</b>	47.799,98

Para o primeiro ano de contrato os custos serán de 47.799,98 € sen IVE.

### 5.4. DETERMINACION DO CUSTO MEDIO.

Considerando a natureza deste contrato, **NON HABERÁ REVISIÓN DE PREZOS**, polo que o Concello abonará ao adxudicatario a mesma contía máxima anual derivada da súa proposta económica.

Considérase que os custos da execución evolucionarán para o empresario durante a vida do contrato (2 anos); por iso estímase incrementos anuais do 4% para os custos de persoal asociados aos contratos en base as actualizacións salariais medias dos diferentes convenios colectivos do sector. Respecto ao resto de custos, actualízase ao 1,5% os custos de explotación.

Por tanto, o custo anual do contrato para o Concello obtense da media dos cálculos anuais acumulados por todos os conceptos, aplicándose a este custo medio o 4% de gastos xerais e ao resultado disto, o 6% de beneficio industrial.

Esta situación reflíctese no seguinte cadro:





	ANO 1	AÑO 2	AÑO 3	AÑO 4	MEDIA
<b>CUSTOS DE PERSOAL</b>	39.445,11	41.022,91	42.663,83	44.370,38	41.875,56 €
<b>CONSUMIBLES</b>	2.077,24	1.961,23	1.990,65	2.020,51	2.012,41 €
<b>PRODUTOS DE LIMPIEZA</b>	778,67	790,35	802,21	814,24	796,37 €
<b>OUTROS CUSTOS</b>	1.058,90	274,05	278,16	282,33	473,36 €
<b>TOTAL CUSTOS DE EXPLOTACIÓN</b>	43.359,93	44.048,54	45.734,84	47.487,46	<b>45.157,69 €</b>
<b>4% GASTOS X.</b>	1.734,40	1.761,94	1.829,39	1.899,50	1.806,31 €
<b>SUMA CUSTOS</b>	45.094,32	45.810,48	47.564,24	49.386,96	<b>46.964,00 €</b>
<b>6% B.I.</b>	2.705,66	2.748,63	2.853,85	2.963,22	2.817,84 €
<b>PREZO CONTRATO</b>	47.799,98	48.559,11	50.418,09	52.350,18	<b>49.781,84 €</b>

**Polo que se determina que o Concello deberá abonar 49.781,84 € anuais sen IVE ao adxudicatario que resulta de realizar a media entre os catro anos de duración máxima do contrato.**

Con respecto aos dous primeiros anos do contrato, realízase o promedio entre os custos de ambos anos para calcular a anualidade media excluíndo as posibles prórrogas. Isto resulta nun custo de 48.179,55 €, IVE excluído.

#### 5.5. IVE.

Repercutirase o tipo de IVE do 21% á totalidade dos ingresos derivados da prestación dos servizos ofertados.

Polo lado dos provedores, considerouse que aqueles gastos que soportan IVE fano ao 21%.

Ao executar o proxecto desde unha sociedade en funcionamento, tendo en conta o volume de facturación actual da mesma, o número de traballadores e o volume de activos da mesma, desde o primeiro mes do proxecto considéranse declaracións de IVE mensuais. Doutra banda, como xa se indicou, o período de cobro/pago a clientes/provedores afectará os saldos en balance de importes relacionados con cobro e pagos de IVE do cliente e a provedores. Todo iso fai que, ao considerar o IVE no modelo prodúzanse movementos que se reflicten nas contas de activo circulante

#### 6. VALOR ESTIMADO.

O valor estimado resulta de sumar o importe fixo do contrato (dous anos), mais a prórroga posible, e o importe de eventuais ampliacións, ata un máximo do 20% sobre o importe fixo, e sen IVE. Polo tanto: 96.359,09 € (custo sen IVE dos dous anos de contrato) + 102.768,27 € (Custo das posibles prórrogas) + 19.271,82 € (20% de 96.359,09 €) = **218.399,18 € sen IVE.**

#### 7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.

O Orzamento Base de Licitación resultante, para dúas anualidades (24 meses) é o seguinte: **116.594,50 €, co IVE incluído** (96.359,09 € sen IVE, máis 20.235,41 € correspondentes de IVE). Polo que o Importe anual, con IVE é de 58.297,25 €. Importe anual, sen IVE: 48.179,55 €.

Segundo o artigo 100.1 LCSP, "Por orzamento base de licitación entenderase o límite máximo de gasto que, en virtude do contrato, pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, salvo disposición en contrario."

#### 8. EXISTENCIA DE CRÉDITO.

As obrigas económicas do contrato abonaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias do estado de gastos do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio en que se execute seguintes:

- 2311.227,99
- 312.227,99
- 323.227,99





- 920.227.99.

En consonancia co carácter plurianual do gasto e os compromisos de gasto para exercicios futuros, a Corporación asume o compromiso de incluír nos Orzamentos dos exercicios 2022 e seguintes os importes correspondentes a cada anualidade.

O contrato finánciase con fondos propios si ben anualmente a Consellería de Política Social aporta a cantidade global anual para o mantemento do Centro de Servizos Sociais.

## 9. PRAZO DE EXECUCION E PRÓRROGA.

O contrato terá un prazo de vixencia de **DOUS (2) ANOS**, contados a partires da data da acta de inicio do servizo asinada polo representante do Concello e da adxudicataria, podendo prorrogarse polo concello anualmente por período de **DOUS (2) ANOS máis**.

A prórroga poderá solicitarse polo adxudicatario ao concello, no prazo máximo de tres meses antes do remate do prazo dos dous anos, debendo pronunciarse expresamente o concello sobre a mesma, realizándose esta nos mesmos termos que o contrato inicial.

En calquera caso a prórroga se acordará polo órgano de contratación e será obligatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza a lo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, realizándose esta nos mesmos termos que o contrato inicial. A garantía definitiva constituída inicialmente aplicarase ao período de prórroga sen que sexa necesario reaxustar a súa cuantía.

No caso de que non se solicitase ou non fose outorgada polo concello por non existir acordo, darase por rematado o contrato sen que deste feito en concreto poida derivarse a indemnización por danos e prexuízos.

O adxudicatario comprométese, aínda que finalizara a vixencia do contrato e sempre que a Administración llo requira expresamente, a seguir prestando os servizos en idénticas condicións que as do contrato orixinal, durante o tempo indispensable para que se poida asegurar a continuidade na prestación dos servizos ata que se produza a nova adxudicación.

Neste caso, en atención á natureza imprevisible desta prórroga, non se tomará en consideración a efectos de fixar o valor estimado, nin será de aplicación a obriga de preaviso antes referida.

As prestacións que conforman o obxecto do contrato levaranse a cabo ininterrompidamente durante o prazo de vixencia do contrato.

## 10. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DO PROCEDIMENTO.

Sobre este aspecto, o artigo 131 da LCSP indica que «a adxudicación realizarase, ordinariamente utilizando o procedemento aberto ou o procedemento restrinxido, salvo os contratos de concesión de servizos especiais do Anexo IV, que se adxudicarán mediante este último procedemento».

No caso que nos ocupa, o procedemento idóneo para licitar a presente contratación é o **PROCEDIMENTO ABERTO** regulado no artigo 156 da LCSP.

## 11. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE SOLVENCIA E CLASIFICACIÓN EMPREGADOS NA LICITACIÓN, ASI COMO DAS CONDICIIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN.

Conforme ao esixido no artigo 116.4 da LCSP, no expediente xustificárase adecuadamente os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, así coma a clasificación que sexa solicitada aos licitadores, sexa esta ou non preceptiva.





No relativo á **clasificación** estarase neste contrato ao disposto no Título II Capítulo II do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

O artigo 74.1 da LCSP senta que para celebrar contratos co sector público, os empresarios deberán acreditar estar en posesión das condicións mínimas de solvencia económica e financeira e profesional ou técnica que se determinen polo órgano de contratación. Este requisito será substituído polo da clasificación, cando esta sexa esixible conforme ao disposto nesta Lei.

Non entanto, o artigo 77.1.b) da LCSP, senta que:

*b) Para os contratos de servizos non será esixible a clasificación do empresario. No anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e nos pregos do contrato estableceranse os criterios e requisitos mínimos de solvencia económica e financeira e de solvencia técnica ou profesional tanto nos termos establecidos nos artigos 87 e 90 da Lei como en termos de grupo ou subgrupo de clasificación e de categoría mínima esixible, sempre que o obxecto do contrato estea incluído no ámbito de clasificación dalgún dos grupos ou subgrupos de clasificación vixentes, atendendo para iso ao código CPV do contrato, segundo o Vocabulario común de contratos públicos aprobado por Regulamento (CE) 2195/2002, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de novembro de 2002.*

*En tales casos, o empresario poderá acreditar a súa solvencia indistintamente mediante a súa clasificación no grupo ou subgrupo de clasificación e categoría de clasificación correspondentes ao contrato ou ben acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia esixidos no anuncio de licitación ou na invitación para participar no procedemento e detallados nos pregos do contrato. Se os pregos non concretasen os requisitos de solvencia económica e financeira ou os requisitos de solvencia técnica ou profesional, a acreditación da solvencia efectuarase conforme aos criterios, requisitos e medios recolleitos no segundo inciso do apartado 3 do artigo 87, que terán carácter supletorio do que respecto diso dos mesmos fose omitido ou non concretado nos pregos.*

**Así pois e de conformidade co disposto no artigo 77.1.b) da LCSP, non se esixe clasificación, se ben a solvencia dos licitadores poderá acreditarse indistintamente ben mediante os medios de solvencia que se indican de seguido, ben mediante a acreditación de estar clasificado de acordo co seguinte:**

Grupo	Subgrupo	Categoría
U)	1	2

**Grupo U Servicios Generales.**

**Subgrupo 1 Servicios de Limpieza en general.**

**Categoría 2 Anualidade media superior a 150.000 € e inferior a 300.000 €**

No relativo aos **criterios de solvencia**, os mesmos foron escollidos co obxecto de asegurar a correcta execución do contrato por unha empresa coa cualificación suficiente para a prestación adecuada do servizo.

Segundo o disposto nos artigos 87 e seguintes da LCSP, a solvencia económica, financeira e técnica quedará acreditada coa correspondente clasificación ou inscrición no ROLECE, ou no Rexistro Oficial da correspondente da Comunidade Autónoma. De non constar nos correspondentes Rexistros, a solvencia acreditarase por calquera dos seguintes medios:

A **solvencia económica e financeira** acreditarase por calquera dos seguintes medios:

- Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, referido ao mellor exercicio dentro do tres últimos dispoñibles en función das datas de constitución ou de inicio de actividades do empresario e de presentación das ofertas por importe igual ou superior ao valor estimado do contrato.







- Acreditarase mediante a **achega das súas contas anuais** aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivese inscrito neste rexistro, e en caso contrario polas depositadas no rexistro oficial en que deba estar inscrito. Os **empresarios individuais** non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus **libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil**.
- b) Xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 500.000,00 €. Considerarase acreditada a solvencia se o seguro cobre riscos profesionais por un mínimo anual igual ou superior ao valor estimado do contrato.
- Acreditarase mediante **achega de póliza ou certificado de seguros por riscos profesionais**

A **solvencia técnica e profesional** acreditarase, de acordo co artigo 90 da LCSP, por algún seguintes medios:

- a) Relación da prestación de servizos executados no curso dos tres últimos anos, avalada por certificados de boa prestación. Estes certificados indicarán o **importe**, as **datas** e o **lugar de prestación dos servizos** e **precisarase se se realizaron segundo as regras polas que se rexe a profesión e levaron normalmente a bo termo**; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ao órgano de contratación pola autoridade competente. Considerarase acreditada a solvencia cando o importe anual acumulado no ano de maior execución no curso dos tres últimos anos sexa igual ou superior ao 70% do valor estimado do contrato.
  - Acreditarase mediante certificados de boa prestación seguindo o exposto anteriormente.
- b) Declaración indicando o persoal técnico ou organismos técnicos, estean ou non integrados na empresa, dos que esta dispoña para a prestación do servizo acompañada dos documentos acreditativos correspondentes cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
- c) Títulos académicos e profesionais do empresario e dos directivos da empresa e, en particular, do responsable ou responsables da prestación dos servizos así como dos técnicos encargados directamente de prestar o servizo.
- d) Declaración sobre o persoal medio anual da empresa e do número de directivos durante o tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.
  - Considerarase acreditada a solvencia técnica nos apartados b), c) e d) cando o persoal técnico, a titulación académica e profesional, e o persoal medio sexa **adecuada e proporcionada á natureza e orzamento total da prestación do servizo**.

Nos contratos cuxo valor estimado sexa inferior a 500.000 euros, cando o contratista sexa unha **empresa de nova creación**, entendendo por tal aquela que teña unha **antigüidade inferior a cinco anos**, a súa solvencia técnica acreditarase por un ou varios dos medios a que se refiren as letras b) c) e d) anteriores, sen que en ningún caso sexa aplicable o establecido na letra a), relativo á execución dun número determinado de obra.

Por outra parte, compre indicar que **a solvencia poderase acreditar con medios externos**. Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con elas, sempre que demostre que durante toda a duración da execución do contrato disporá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar de acordo cos requisitos establecidos no art. 75 LCSP.





## 12. XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

O artigo 116 da LCSP expresa que no expediente se xustificarán adecuadamente os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios que atenderán á mellor relación calidade-prezo.

### 1. Mellor prezo ofertado. Ata 60 puntos.

Darase a máxima puntuación á oferta masi baixa das admitidas. A puntuación restante establecerse en base á seguinte fórmula:

$$P = (60 * Y) / X$$

Sendo:

P.- É a puntuación que corresponde a cada licitador.

Y.- É o prezo da mellor oferta.

X.- É o prezo da oferta a considerar.

### 2. Bolsa de horas cun máximo de 60 horas ao ano. Ata 40 puntos.

Mellora consistente nunha bolsa de horas extraordinarias que outorgará un máximo de 40 puntos.

Este criterio valorará a mellora, que se é o caso oferten os licitadores, mediante a posta a disposición do Concello dunha prestación adicional consistente na mobilización de recursos materiais e humanos da categoría de limpador/a para a realización de limpeza por motivos que se consideren excepcionais ou imprevisibles ou non estean previstas no contrato. Esta prestación adicional deberá cuantificarse en horas de traballo, das que poderá dispoñer libremente e sen custo ningún o Concello, en calquera momento da execución do contrato acumulándose as que non se consuman, nos anos que resten de execución do contrato incluídas as prórrogas.

O máximo será de 60 horas ao ano.

As ofertas valoraranse en base á seguinte fórmula:

$$P = (40 * Y) / X$$

Sendo:

P.- É a puntuación que corresponde a cada licitador.

Y.- É o prezo da mellor oferta.

X.- É o prezo da oferta a considerar.

## 13. CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

As condicións especiais de execución para este contrato, de conformidade co artigo 202 da LCSP, son as seguintes:

**Garantir a seguridade e a protección da saúde no lugar de traballo e o cumprimento dos convenios colectivos sectoriais e territoriais aplicables.**

A acreditación do cumprimento das condicións especiais de execución require informe do Responsable do Contrato.





#### 14. COMPROMISO DE ADSCRICION DE MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS.

En virtude do apartado 2 do artigo 76 da LCSP, os órganos de contratación poderán esixir aos licitadores que ademais de acreditar a súa solvencia ou, no seu caso, clasificación, se **comprometan a adicar ou adscribir á execucion do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para elo**. Estes compromisos teñen o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos previstos no artigo 211, ou establecer penalidades, conforme ao sinalado no artigo 192.2 para o caso de que se incumpran polo adxudicatario.

A esixencia, no seu caso, dos nomes e da cualificación do persoal responsable de executar o contrato, así como do compromiso de adscripción á execución do contrato de medios persoais ou materiais, se establece nos seguintes termos:

- Compromiso de adscripción de medios persoais: LIMPIADORES/AS.
- Compromiso de adscripción de medios materiais: DUAS ASPIRADORAS INDUSTRIAIS en Seco y Húmedo 1000 W.

A subrogación do persoal que actualmente presta o servizo é un feito relevante que ha de ser tido en conta. Ao tratarse dun servizo existente, a subrogación do persoal deberá vir definida pola normativa de aplicación.

CONVENIO COLECTIVO PROVINCIAL PARA O SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS E LOCAIS DE LUGO. B.O.P. de Lugo nº 246 do XOVES, 26 DE OUTUBRO DE 2023 de ámbito sectorial.

Actualmente o servizo prestase pola adxudicataria do servizo, que conta para a prestación do servizo cos traballadores que se indican, respecto dos que o adxudicatario deberá asumir a obriga de subrogación nos termos establecidos no Convenio antes mencionado:

NIF	CENTRO DE TRABALLO	DATA ANTIGÜIDADE	CATEGORIA	MODALIDADE CONTRATO	XORNADA LABORAL
33347480X	CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ + TELECENTRO + SERVICIOS SOCIAIS	03/01/2022	LIMPIADORA	289	22 HORAS
33858978B	CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ	01/09/2016 L	LIMPIADORA	300	10 HORAS
33325648M	CEIP SAN XOÁN DE BECERREÁ	05/09/2023	LIMPIADORA	510	10 HORAS

En Becerreá na data da sinatura dixital ao marxe.  
O Alcalde-Presidente, Manuel Martínez Núñez

